



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

ANUNCIO CORRECCION DE ERROS

Corrección de erros das bases do proceso selectivo para a contratación laboral temporal a xornada completa de 2 capataces, 2 peóns condutores e 6 peóns, para a creación de dúas brigadas de incendios 2020 e a elaboración dunha bolsa de traballo en réxime de contratación laboral temporal a tempo completo

Por Resolución da alcaldía núm. 773/2020 de 6 de xullo, adoptouse o seguinte acordo.

Advertido un erro no punto 8 das bases do proceso selectivo para a contratación laboral temporal a xornada completa de 2 capataces, 2 peóns condutores e 6 peóns, para a creación de dúas brigadas de incendios 2020 e a elaboración dunha bolsa de traballo en réxime de contratación laboral temporal a tempo completo aprobada por Resolución da alcaldía 642/2020 de 5 de xuño (BOP núm. 85 de 11 de xuño)

RESOLVO

PRIMEIRO.- Corrixir o erro material advertido na Resolución da alcaldía núm. 642/2020, de xeito que onde di:

A. Fase de oposición, ata un máximo de 16 puntos

Debe dicir

A. Fase de oposición, ata un máximo de 21 puntos

E onde di:

b) Segundo exercicio, ata un máximo de 10 puntos

Debe dicir:

b) Segundo exercicio, ata un máximo de 15 puntos

SEGUNDO. Publicar o presente acordo aos efectos oportunos

Muros na data da sinatura dixital

A Alcaldesa

María Inés Monteagudo Romero